

I.B - AXUDAS Á REPARACIÓN DE EQUIPAMENTO CIENTÍFICO

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo axudar ós grupos de investigación no mantemento da súa infraestrutura científica en funcionamento. Isto inclúe a reparación e posta a punto do equipamento, quedando lóxicamente excluídos os gastos funxibles e a substitución daquelas partes do equipamento que teñan necesariamente que seren substituídas cada certo tempo (por exemplo, as lámpadas dos espectrofotómetros ou as cubetas de moitos equipamentos).

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2017, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.02 Axudas propias á investigación e á transferencia.

3.- SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas os grupos de investigación que teñan pagado gastos de reparacións de equipamento científico no ano 2016 ou 2017 ata a data de peche do prazo de presentación de solicitudes. A reparación de equipamento informático (ordenadores, impresoras) só será aceptada en casos excepcionais, debidamente xustificadas en relación coas liñas de investigación do grupo.

Non poderán solicitar esta axuda os grupos que gozaran no ano do pago da reparación de axudas estruturais a grupos de investigación da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, en modelo normalizado I.B, dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, achegando os seguintes documentos:

- Copia da factura do pagamento realizado. Será responsabilidade de cada solicitante confirmar perante os Servizos Económicos correspondentes, o pago efectivo da factura antes do peche do prazo de solicitude. En ningún caso se terán en conta as reparacións xa financiadas con cargo a axudas externas de I+D+i.

O prazo de entrega das solicitudes rematará o **29 de setembro de 2017**.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, avaliará e seleccionará as solicitudes presentadas de acordo cós méritos do grupo de investigación, segundo o indicado no Anexo I, considerando os méritos do grupo obtidos con anterioridade ao 28 de abril de 2017.

6.- CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

As subvencións concedidas non superarán a cantidade de 2.000 €por grupo de investigación. O importe da subvención librarase no primeiro trimestre do ano 2018. En ningún caso se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio económico 2019.